



NOTA INFORMATIVA: PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN APERTURA DO CEIP FORA DO HORARIO LECTIVO

1.- SUBPROGRAMAS:

- **MADRUGADORES:**
 - Inicio: 21/09/2020
 - Prazas: 10
 - Horarios de entrada: 08:15 e 08:45
- **A TARDE MÁIS DIVER:**
 - Inicio: 21/09/2020
 - Prazas: 20
 - Horarios:
 - De 16:00 a 17:00
 - De 16:00 a 18:00
 - De 16:00 a 19:00

2.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- **MADRUGADORES:**
 - Os proxenitores ou titores legais deberán de estar traballando, sendo o inicio da xornada lectiva incompatible co inicio da xornada laboral.
 - Os proxenitores ou titores legais deberán acreditar que na unidade familiar non existe ningunha outra persoa maior de idade que poda levar aos alumnos e alumnas ao centro escolar ao inicio da xornada lectiva.
- **A TARDE MÁIS DIVER:**
 - Os proxenitores ou titores legais deberán de estar traballando, sendo o remate da xornada lectiva incompatible co inicio da xornada laboral.
 - Os proxenitores ou titores legais deberán acreditar que na unidade familiar non existe ningunha outra persoa maior de idade que poda recoller aos alumnos e alumnas do centro escolar ao remate da xornada lectiva, prestándolle as atencións necesarias ata o remate da súa xornada laboral.

3.- SOLICITUDES.

Prazo: ata o 17 de setembro ás 14:00 horas

Lugar: Centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade "Manuel Lourenzo" de O Valadouro, solicitando cita previa no teléfono 982 57 15 16, Sede Electrónica do Concello de O Valadouro a través do trámite "Instancia Xeral" ou en calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas na sede electrónica e na páxina web do Concello de O Valadouro, así como as listas de solicitudes admitidas e desestimadas e calquera outra comunicación colectiva.